

ANUNCIO DA DIRECCIÓN DE RRHH DA CORPORACIÓN RTVG POLO QUE SE FAI PÚBLICO O PROCEDIMENTO DE SUBSANACIÓN PARA DETERMINADAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN DERIVADAS DE PAGAMENTOS ERRÓNEOS DAS TAXAS DO PROCESO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN.

A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto a redución da temporalidade no conxunto das Administracións Públicas, para o cumprimento do seu obxectivo autorizou a convocatoria de procesos de estabilización utilizando a modalidade excepcional do concurso.

Ao abeiro da norma que se cita a CRTVG convocou, mediante a Resolución do 29 de decembro do 2022 do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., un proceso selectivo extraordinario de estabilización, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación (Anunciado no DOG nº248 do 30 de decembro do 2022).

Por Resolución do Director Xeral da Corporación, de data 22 de setembro do 2023, fixéronse públicas na páxina web as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas, procedendo á apertura dun prazo de 10 días hábiles para a subsanación e emenda.

Tras o análise das alegacións presentadas e, no prazo de subsanación das listaxes provisionais, as persoas que figuran no Anexo do presente anuncio manifestaron a existencia dun erro na contía do pago das taxas correspondentes á categoría na que se inscribiron (causas de exclusión nº 14-19-83-85-86 e 87). Neste sentido consta a vontade inequívoca de participación no proceso de cada unha das persoas que solicitaron a subsanación no primeiro momento do procedemento habilitado ao efecto.

Estas persoas aspirantes aboaron a taxa pero nunha contía inferior polo que, previa subsanación do defecto en que incorreron, poderán resultar admitidas sempre e cando rematen correctamente o pagamento segundo as seguintes instrucións:

PRIMEIRO.- As persoas relacionadas no anexo disporán, dun prazo improrrogable de cinco días hábiles, para rematar o pagamento de xeito correcto. Para o anterior deberán aboar a diferenza entre a taxa aboada e a que lle correspondería á categoría na que pretenden a inscrición.

Deberán cumprimentar o modelo 731 de pago de taxas , cos seguintes códigos:

Consellería – 04 (Presidencia, Xustiza e Deportes)

Delegación – 13 (Servizos centrais)

Servizo – 23 (Compañía de Radio-Televisión de Galicia)

Taxa – 300302 (Inscripción nas oposicións para a selección de persoal da Comunidade Autónoma)

Obxecto do pago – Consignar a categoría á que se presenta, de ser varias deberá realizar un aboamento para cada unha.

Pode acceder ao de pago de taxas no seguinte enlace:
<https://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>

SEGUNDO.- Dentro do prazo sinalado deberán presentar o xustificante de pago a través dun rexistro oficial e adiantalo escaneado ao seguinte enderezo de correo electrónico: procesos.selectivos@crtvg.gal, coa finalidade de que se poida comprobar a realidade do mesmo.

As persoas interesadas que non completen o pagamento, e/ou non envíen o xustificante quedarán definitivamente excluídas do procedemento.

A presentación de documentación do presente anuncio refírese exclusivamente aos supostos de pago erróneo das taxas. O resto de alegacións presentadas resolverase mediante a publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas.

O prazo para realizar o pagamento abranguerá dende o día 3 ao día 9 de novembro, ambos incluídos.

Asinado electrónicamente en San Marcos
Víctor Tubío Villar
Director de RRHH da Corporación RTVG

Anexo

Persoas excluídas provisionalmente que poden completar o pagamento

NIVEL: 1	
CATEGORÍA: PRODUTOR/A	
Apelidos e nome	DNI
RODRIGUEZ FREIRE, ISRAEL	***8492**

NIVEL: 1	
CATEGORÍA: REDACTOR/A	
Apelidos e nome	DNI
RODRIGUEZ FREIRE, ISRAEL	***8492**

NIVEL: 4	
CATEGORÍA: DESEÑADOR/A GRAFICO	
Apelidos e nome	DNI
CASTREGE GARCIA, VALENTIN FRANCISCO	***2572**

NIVEL: 4	
CATEGORÍA: REPORTEIRO/A GRAFICO	
Apelidos e nome	DNI
COSTAS COSTAS, PABLO CESAR	***8694**

NIVEL: 4	
CATEGORÍA: TECNICO/A DE CONTROL	
Apelidos e nome	DNI
VARELA DOMINGUEZ, DAVID	***5388**

NIVEL: 4	
CATEGORÍA: TECNICO/A ELECTRONICO	
Apelidos e nome	DNI
SIXTO PRIETO, MIGUEL ANGEL	***8560**

NIVEL: 5	
CATEGORÍA: TECNICO/A DE SON	
Apellidos e nome	DNI
RODRIGUEZ FREIRE, ISRAEL	***8492**

NIVEL: 7	
CATEGORÍA: OPERADOR/A MONTADOR/A DE VIDEO	
Apellidos e nome	DNI
CARRAL LÓPEZ, EMILIO JOSE	***4317**
GRILO VARELA, ANGEL IGNACIO	***8852**
RODRIGUEZ FREIRE, ISRAEL	***8492**

NIVEL: 7	
CATEGORÍA: OPERADOR/A PRODUTOR DE SON	
Apellidos e nome	DNI
RODRIGUEZ FREIRE, ISRAEL	***8492**

NIVEL: 8	
CATEGORÍA: ESPECIALISTA MONTAXE	
Apellidos e nome	DNI
MACEIRAS MARTINEZ, NATALIA	***6156**